

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E OITO DE XANEIRO DE 2026, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARILLO
Concelleiros/as:	D. MANUEL COSTA CERNEIRO
	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
	D ^a . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
	D ^a . DIANA VARELA BARREIRO
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
(Escusa asistencia)	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ
	D. XOSÉ ANTÓN POSE RODRÍGUEZ
	D ^a . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
	D. XESÚS CASTRO BLANCO
	D. JESÚS GONZÁLEZ CORBELLE
	D ^a . MARÍA BEGOÑA GONZÁLEZ PICANES
Secretaria	D ^a . MERCEDES PEREIRAS CALDELAS

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e oito de xaneiro de dous mil vinte e seis, baixo a presidencia de D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (30/12/2025)

Dáse conta da acta da sesión plenaria ordinaria do día trinta de decembro do ano pasado que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Acordo, se procede, sobre participación no POS + 2026 (plan único de concellos).

Vistas as bases reguladoras do Plan de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS +2026, aprobadas polo Pleno da Deputación en sesión de data 28.11.2025 (BOP núm. 231/25, do 02 de decembro)

Ao abeiro das mesmas, proponse:

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2026”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2026”, e con cargo á achega provincial 2025”:

A) Financiamento de gastos correntes que se devindiquen no exercicio 2026:

	Deputación
Achega provincial 2026 aplicada ao financiamento de gastos correntes	271.755,58
Achega provincial 2025 aplicada ao financiamento de gastos correntes	288.225,62

Subtotal gasto corrente	559.981,20

C) Resumo:

POS + 2026 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Concello				Orzamento Total
		Deputación	Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecementos de auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2026	271.755,58				271.755,58
	Achega 2025	288.225,62				288.225,62
B- INVESTIMENTOS	Achega 2026	0	0	0	0	0
	Achega 2025	0	0	0	0	0
C- TOTAL	Achega 2026	271.755,58	0	0	0	271.755,58
	Achega 2025	288.225,62	0	0	0	288,225,62
	TOTAL	559.981,20	0	0	0	559.981,20

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2026 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% da achega provincial 2026)	(A) Orzamento de contrata	(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecement o de auga potable con IVE deducible)	(C) = A-B Orzamento subvencionabl e (Diferenza entre a columna A e a B)
Reforma de camiños en Vilapedre, Picón, A Torre e Sarandón	270.750,58	0	270.750,58
Reforma de camiños en O Francés, Agrelo e Canicoba	148.026,92	0	148.026,92
TOTAIS	418.777,50	0	418.777,50

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

A Presidencia indica que aínda que as cifras de inversión e gasto corrente van ser similares, ou un pouco superiores, fixeron unha pequena alteración na distribución. O ano pasado puxeron parte do gasto ao principio e despois outra parte no complementario. Neste caso poñen todo o gasto corrente ao principio. Isto supón unha maior facilidade de xustificación, en relación aos gastos correntes é máis operativo a que chegue durante o ano. En todos os POS complementarios agora van as primeiras obras e ao longo do ano haberá un ou dous máis onde se meterán o resto das obras. A decisión do grupo de goberno é seguir aglomerando esas pistas que demandan os veciños. Neste caso dividiuse en dous lotes que afectan a Illobre, Vilanova, San Pedro de Sarandón, Santa Cruz e San Mamede.

Solicita o voto a favor.

O Sr. Pose, do BNG, di que segue solicitando o plan director de estradas municipal. Sen ese plan non hai un estudo, non hai planificación, non hai proceso predicible e por tanto non hai un mantemento razoable das pistas, que permita dicir que non hai favoritismos. Sen ese plan que levan anos reclamando non van votar a favor do POS.

Dona Begoña González, do PSdeG-PSOE, di que o seu grupo vaise abster. Consideran que as obras son necesarias, pero tamén é preciso un plan cuns obxectivos claros e que poidan actuar con obxectividade. Entende que son obras solicitadas polos veciños, pero descoñécese o criterio de porqué unhas si e outras non.

Posta a votación, apróbase con sete votos a favor do PP, tres en contra do BNG e dúas abstencións do PSdeG-PSOE.

5º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

-- Ás preguntas formuladas polo Sr. Pose, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre as demandas relacionadas co transporte público que teñen que ver co concello de Vedra foron trasladadas na xuntanza da comisión de seguimento da área de transporte metropolitano de Santiago de Compostela, di que acudiu o Sr. Costa e trasladaron os problemas cos horarios dalgunhas liñas agardando que se solucionen pronto, así como as dúbidas formais con tes liñas en relación co que se acordara ao longo do 2025 e o que aparecía formalmente na ficha trasladada en bus.gal. Máis ben é unha corrección de erros. Todo isto enviarase por escrito á Dirección Xeral de Mobilidade e insistirán en recuperar a frecuencia das 14:30 horas, e se non se pode insistirán coa das 14:40 ou 14:45 horas. A expedición das 21:10 horas que vai polo interior do concello, é só en período lectivo da USC e solicitaron que sexa durante todo o ano.

2º.- Respecto á participación de asesores do GDR que despois levan contratos de case 500.000 €, a Presidencia contesta que non.

-- Ás preguntas formuladas por dona Yolanda Vieiro, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto á revisión do convenio do centro de saúde, di que tanto o convenio como a addenda están no portal de transparencia do concello. En canto ao proxecto, pode solicitar en contratación un url para a súa descarga xa que pesa moito.

-- Ás preguntas formuladas dona Begoña González, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre as prazas vacantes a día de hoxe na Escola Infantil Municipal, di:

Aula de 0-1: 1 praza (en reserva)

Aula de 1-2: 1 praza (en reserva)

Aula mixta de 1-2: 4 prazas libres e 1 praza en reserva.

Aula de 2-3: completa.

6º.- Rogos e preguntas.

-- O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, roga que soliciten a sinalización de animais salvaxes na contorna da Escola Infantil Municipal.

-- Dona Begoña González, do PSdeG-PSOE, roga a que inste á xerencia do Sergas a que cubran as baixas do centro de saúde, porque debido ao concurso de traslados neste momento hai unha praza de médico sen cubrir.

Conclúe ao fío das vinte horas e cincuenta minutos.

Asdo: A Secretaria: Mercedes Pereiras Caldelas

Asdo: O Alcalde: Carlos Martínez Carrillo